

ENCUENTRO DE FAMILIAS

DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA. 28 DE XUÑO DE 2025

“Un camiño compartido”



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA

 Plena
inclusión
Galicia

PROGRAMA DO ENCONTRO

10:00 CHEGADA E RECEPCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES.

10:30 INAUGURACIÓN DO ENCONTRO.

A cargo de D. Eladio Fernández Pérez (presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia) e autoridades asistentes.

11:00 MESA REDONDA: VOCES QUE IMPORTAN.

“O intérprete vital. Dar voz ás persoas con máis necesidades de apoio”.

A cargo de Carmen Márquez López, asesora da Rede de Asesoramento en Conduta de FADEMGA Plena inclusión Galicia e vocal do Comité de Ética de Plena inclusión.

“Os grupos de autoxestores. Dar voz colectiva ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”.

A cargo de Jesús Cabo Souto (autoxestor de ASPAS) e Alberto Seoane Bernárdez (autoxestor de FADEMGA Plena inclusión Galicia).

12:30 PAUSA PARA O CAFÉ.

13:00 ACOMPAÑANDO ÁS FAMILIAS: APOIOS EMOCIONAIS EN MOMENTOS CLAVE.

Dinamizadora: Dna. Laura Fernández Blanco.

15:00 CLAUSURA.

A cargo de D. Eladio Fernández Pérez (presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia).

15:15 XANTAR

***BAIXAS.**

Só se poderán comunicar as baixas “xustificadas” antes do pagamento efectivo das prazas. Unha vez pagado non faremos devolucions.

INFORMACIÓN DO ENCONTRO

QUE IMOS FACER?

Un encontro para darlle voz ás persoas con discapacidade intelectual e ás familias.

Este ano o encontro estará protagonizado por dúas temáticas importantes e complementarias:

- Dar voz ás persoas con discapacidade intelectual, para que poidan compartir camiño cos seus familiares,
- O acompañamento ás familias ao longo da vida.

OBXECTIVO DO ENCONTRO

Resaltar os valores de compartir e de acompañar.

ONDE E CANDO

En Santiago de Compostela, no Gran Hotel Los Abetos, o sábado 28 de xuño de 2025.

COMO PODES PARTICIPAR?

Cada persoa interesada cubrirá este [formulario en liña](#), coa axuda dun profesional da súa asociación.

Non admitiremos inscricións presentadas por outros canais.

As familias que precisen o servizo de respiro familiar durante a celebración do Encontro, deberán indicalo cando cubran o formulario e poñer o nome da persoa con discapacidade intelectual (para máis información ver o apartado de respiro familiar).

COMIDA

Os asistentes teredes que sinalar se quedades a comer e se precisades dieta especial ou tedes algunha intolerancia alimentaria.

TRANSPORTE

Procuraremos habilitar transporte ás familias, en función da demanda e a súa viabilidade. No caso de haber opción a transporte, as persoas interesadas teredes que indicalo no formulario. O transporte terá un custe adicional de 10 € por persoa.

PAZO

O último día para enviar a inscrición e a documentación do servizo de respiro é o 18 de xuño.

Non admitiremos inscricións fóra de prazo.

COTAS

- Asistencia ao Encontro: 15 €/persoa
- Servizo de Respiro: 15 €/persoa (so as persoas que o soliciten)
- Transporte 10 €/persoa (so as persoas que o soliciten)

CONFIRMACIÓN DE INSCRICIÓN

A partir do 19 de xuño confirmaremos as inscricións admitidas. O pago das inscricións, do servizo de respiro e do transporte teredes que facelo a través da asociación, unha vez vos confirmemos as prazas. Só as persoas que non sexades socias dunha asociación, faredes o pago individualmente.

BAIXAS

Só se poderán comunicar as baixas "xustificadas" antes do pagamento efectivo das prazas. Unha vez pagado non faremos devolucións.

INFORMACIÓN DO ENCONTRO

PAGAMENTO

Ata o 24 de xuño. Unha vez confirmadas as prazas, faredes 2 pagos únicos a través da asociación, no número de conta IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857.

- Un polo importe total de inscricións (concepto "Encontro de Familias e nome entidade"). Inclúiranse as cotas de transporte para as entidades que llo confirmemos.
- Outro polo importe total do servizo de respiro (concepto "Respiro Encontro de familias e nome entidade"). Ver información sobre o servizo na seguinte páxina.

Deberedes enviarnos os xustificantes de pago ao correo electrónico familias@fademga.org
A Federación emitirá as facturas correspondentes a nome da Entidade.

SERVIZO DE RESPIRO FAMILIAR

Só poderán solicitar este servizo as familias que acudan ao "Encontro de Familias" e o precisen.

MOI IMPORTANTE

Para facer uso deste servizo hai que facer unha solicitude expresa e enviar toda a documentación que detallamos a continuación:

- [Formulario de solicitude de estancias grupais sen aloxamento](#)
- [Ficha de coñecemento persoal](#)
- [Ficha de medicación](#)
- [Autorización de estancias grupais sen aloxamento](#)
 - A nome da persoa participante (se non ten modificada a capacidade de obrar).
 - A nome da persoa que ostenta a representación legal (só no caso de menores ou persoas con modificación xudicial da capacidade).

* As familias que fan uso do servizo por primeira vez deberán entregar:

- A documentación indicada no apartado anterior.
- Copia do Certificado de discapacidade.
- Copia do DNI e da Tarxeta Sanitaria.

Para poder acceder ao servizo de respiro é preciso que envies toda esta documentación a familias@fademga.org.
O prazo remata o 18 de xuño. As solicitudes que estean incompletas nesta data serán rexeitadas.

O procedemento a seguir o día do Encontro será o seguinte:

Recibiremos aos participantes e ás súas familias ás 10:00h na recepción do hotel onde se vai realizar o evento.

A recollida farase no mesmo lugar unha vez rematada a comida (sobre as 17:00 horas).

COTA

A cantidade a ingresar polo servizo de respiro será de 15 euros por persoa.

(Esta cota inclúe persoas de apoio, transporte, comida e actividades que se realicen)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA



Plena
inclusión
Galicia